

**MARÉ****HOXE**

■ Recoñece o Premio Blanco Amor

## A AELG entrega o seu premio 'bos e xenerosos'

O Concello de Poio recibirá hoxe a placa de "bos e xenerosos" que cada ano entrega a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) a persoas ou colectivos como recoñecemento á súa entrega a prol da Cultura galega. Este ano o galardón foi para os concellos que impulsaron, desde hai varias décadas, o Premio Blanco Amor de Novela que este ano organiza, precisamente, Poio.

O acto terá lugar no Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, a partir das doce do mediodía e comezará cun recital musical de Xavier Díaz.

Tras a intervención do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias. A laudatio será pronunciada por Francisco Castro como prólogo ás palabras do Alcalde de Redondela (primer concello que organizou o Premio Blanco Amor) e da concelleira de Cultura de Poio. Ademais da placa a Poio, tamén se entregarán diplomas a todos os concellos que organizaron o certame.

En anos anteriores, recibiron o recoñecemento Avelino Pousa Antelo, o Museo do Pobo Galego, a asociación Ponte... nas ondas!, o Laboratorio de Formas de Galicia, a AS-PG, e Mariví Villaverde. ■ MARÉ